

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA08

Proxecto lingüístico

Centro: CIFP DE CANTERÍA DE GALICIA

Período: 2024-28

Índice

1	Marco legal e contexto sociolingüístico do centro.....	3
2	Medidas que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística.....	3
3	Obxectivos e liñas de actuación.....	3
4	Secuencia e temporalización das medidas.....	3
5	Recursos e orzamento necesario.....	3
6	Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación.....	3
7	Criterios e indicadores de calidade.....	3

1 Marco legal e contexto sociolingüístico do centro

MARCO LEGAL

O Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio) constitúe o noso referente normativo para a elaboración deste proxecto lingüístico.

Neste decreto recollese o seguinte:

“As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade”.

- O Artigo 3 da Constitución española de 1978 establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

- O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes (Constitución e Estatuto), garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social.

O artigo 14 desta Lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta Europea de Linguas rexionais e minoritarias de 1992 que no seu artigo 8.1.d. compromete aos estados que a ratifican (asinada por o goberno do Estado español en 2001) a garantir que unha parte substancial do ensino técnico e profesional estea asegurado na lingua rexional ou minoritaria, e o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.

O ensino é considerado o sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego. É necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o

axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos; considerando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro (neste caso o CIFP de Cantería de Galicia).

O CIFP de Cantería de Galicia ten entre os seus obxectivos prioritarios o fomento do uso do galego.

Este obxectivo segue a ser prioritario para o noso centro, sen menoscabo de que se garanta a competencia lingüística do castelán e se fomente a aprendizaxe, polo menos, dunha lingua estranxeira.

Ademais, somos conscientes, da realidade social na que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, que nos sitúa nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade exige un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o que establece a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que ten como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

A mobilidade dos estudantes e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un atranco para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

A nosa comunidade exige o coñecemento e uso das dúas linguas e iso supón unha necesidade e unha oportunidade (laboral, vital, social, etc.) para os individuos.

O plurilingüismo (non só o bilingüismo) é un elemento imprescindible de capital social de calquera individuo na sociedade actual.

Ser competentes en varias linguas é un obxectivo que debemos pretender desde un punto de vista individual e social.

Galicia é unha sociedade na que coexisten varias linguas, mais historicamente diglósica, na que o galego se ten proscrito como vehículo de expresión formal e público. Porén, hoxe calquera cidadán coñece as vantaxes de dominar varias linguas. Dende logo, a necesidade de coñecer a propia só pode ser posta en dúbida por mentalidades certamente incongruentes.

De seguido, dúas breves referencias a dous aspectos fundamentais que se recollen no Decreto 79/2010, e que nos atinxen directamente.

- O Capítulo II deste decreto está dedicado ao uso do galego na administración educativa. No artigo 3 recolle cal debe ser a lingua a utilizar na administración educativa. "Na administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente".

- O Capítulo III está dedicado ás linguas oficiais de Galicia no ensino non universitario.

Artigo 9: Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas. "Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e deportivas, de grao medio e superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais".

Artigo 10: Ensinanzas de persoas adultas. "Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumando acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais".

- No Capítulo III tamén se recollen unha serie de principios, que ben poderían rexer este proxecto lingüístico:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
 - Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
 - Adquirir un coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
 - Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

O CIFP de Cantería de Galicia, cumprindo coa regulación da orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario e coa regulación que corresponde coas resolucións anuais sobre os ciclos plurilingües, tratará de incorporar na súa oferta educativa: Seccións bilingües e ciclos formativos plurilingües.

1.1 A. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Nos últimos anos realizáronse no centro análises pormenorizados sobre o contexto sociolingüístico da contorna, a situación do profesorado, a situación do alumnado e a ambientalidade lingüística do centro.

Esta análise permitiunos obter un índice que nos facilitou coñecer como é globalmente, desde o punto de vista lingüístico, a contorna do centro. A este índice de síntese chamáremolles indicador global (IG).

En función do valor do IG, situaremos o contorno do noso centro nun destes 5 puntos:

1. Contorna castelanófona
2. Contorna con predominio do castelán
3. Contorna con similar presenza das dúas linguas
4. Contorna con predominio do galego
5. Contorna galegófona

No caso do CIFP de Cantería de Galicia, podemos situar o contorno do noso centro nun 2 (IG=2,3): predominio do castelán.

Analizamos, de seguido, unha serie de apartados que percorren os diferentes espazos de actuación:

- A lingua galega ten unha presenza plena na documentación administrativa, tanto externa como interna, en todos os procesos de información nos diferentes sectores da comunidade e en todo o material que leve o nome do centro.
- O galego é a lingua de comunicación do centro co alumnado, as familias e/ou outras institucións.
- Hai un emprego puntual do galego nas interaccións co alumnado en contextos informais, fóra das actividades docentes, aínda que non podemos esquecer que a maioría do profesorado usa habitualmente o castelán.
- A biblioteca ou as actividades complementarias son un espazo comprometido co fomento e a promoción da lingua.

2 Medidas que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística

As medidas de apoio e reforzo para garantir o obxectivo de acadar a competencia lingüística en galego, son:

Asesoramento a todos aqueles profesores/as que imparten xa, ou desexan impartir os seus módulos en lingua galega. Fornecerase ao profesorado de información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que faciliten a docencia en galego.

- Recompilaremos material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores e outras ferramentas informáticas.

- Solicitaremos, a través da Coordinadora territorial de EDL, vocabularios temáticos, compendios léxicos e calquera outro tipo de material necesario para cubrir as demandas de cada Departamento.

En canto ás medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado salientamos que, polo carácter de ensino postobrigatorio (a excepción do alumnado que cursa FP Básica), a maioría do noso alumnado xa está familiarizado en maior ou menor medida co emprego do galego como lingua vehicular no ensino. Con todo, conséntase a presenza de alumnos/as de procedencia latinoamericana. A este alumnado, do mesmo xeito que a aquel alumnado galego castelán falante, que por razóns diversas (idade, etc.) non estivera familiarizado co galego escrito, dende o EDL se lles facilitará toda a axuda posible (material bibliográfico de apoio, lecturas específicas, etc.).

Consonte ao contorno sociolingüístico do CIFP de Cantería de Galicia, e en relación co obxectivo de acadar estender os usos sociais do galego no noso centro, estas son algunhas das nosas propostas de dinamización da lingua galega:

- Empregaremos a lingua galega en todos os actos organizados polo centro.

- A Biblioteca do centro como un dos ámbitos de dinamización da lingua galega máis relevante.

- Coñecemento, intercambio e colaboración con outros centros para coñecer as súas propostas de dinamización lingüística por medio do Coordinador/a do EDL.

- Proporcionar apoio e asesoramento aos alumnos/as emprendedores no que atinxe ao emprego da lingua nos proxectos que inicien.

- Cooperación con asociacións e institucións da contorna que traballen en prol da normalización lingüística ou que poidan contribuír a ela.

No caso de linguas estranxeiras, as medidas de apoio e reforzo para garantir o obxectivo de acadar a competencia lingüística acorde co requirido nos ámbitos produtivos asociados, son:

- Proporcionar apoio ao profesorado utilizando as ferramentas adecuadas para detectar as necesidades formativas relativas a idiomas estranxeiros e asesorar sobre as vías de formación dispoñibles para facilitar o acceso a dita formación.

- Proporcionar apoio e asesoramento aos alumnos/as emprendedores no que atinxe ao emprego da lingua estranxeira nos proxectos que inicien.

- Fomentar o uso de linguaxe técnico en idiomas estranxeiros nos ciclos asociados a sectores produtivos máis relacionados co potencial industrial de determinados países.

- Potenciar a realización de cursos de idiomas coa colaboración de profesorado e/ ou alumnado estranxeiro no Centro.

3 Obxectivos e liñas de actuación

Os obxectivos xerais deste proxecto son:

Concienciar da importancia do uso da lingua propia como expresión dunha cultura e dunha visión única do mundo; así como da responsabilidade, individual e colectiva, de todos os membros da comunidade educativa no proceso de normalización lingüística.

Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.

Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.

Introducir na sociedade a oferta positiva de atención e relación directa co cidadán ou cliente mediante o uso da lingua galega, como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.

Promover unha visión moderna e útil da lingua galega que derrube prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.

Dotar ao galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Potenciar a aprendizaxe en idiomas estranxeiros como parte da adquisición de competencias necesarias para o desempeño das funcións esperadas na actualidade nun entorno globalizado.

Liñas de actuación xerais:

Orientación, información e asesoramento lingüístico ao profesorado, alumnado e persoal non docente.

Ampliación de fondos de materiais bibliográficos, didácticos, audiovisuais, etc.; en especial, aqueles relacionados coas TICs.

Proposta e implantación de actividades de formación en lingua galega, se fose preciso.

Realización de accións de visualización do valor e riqueza do idioma galego.

Cursos do idiomas de linguas estranxeiras dirixidas a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, PAS, e persoal de empresas cando a xestión da actividade o permita.

Accións transversais con incorporación na educación en valores: fomento da igualdade, respecto polo medio ambiente, etc.

Realización de actividades específicas para a mellora da comunicación en galego, que favorezan o uso da lingua en contextos tanto académicos e formais, como en situacións sociais.

4 Secuencia e temporalización das medidas

Este proxecto coas medidas e obxectivos que incorpora, serán revisados a principios de cada curso académico segundo as achegas do realizado no curso anterior, modificando o correspondente para planificar, a partir deste proxecto, nos programas anuais respectivos, as accións prácticas a levar a cabo cada curso, e así satisfacer ó cumprir cos liñas de actuación xerais e obxectivos deste documento.

Por outro lado, as actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos propostos e en consonancia coas medidas establecidas, aparecerán recollidas no Plan anual de fomento do uso do galego, elaborado polo EDL.

Para este curso, está previsto realizar no primeiro trimestre un proxecto específico de dinamización do uso do galego entre o alumnado, que conlevará entre outras actividades a creación de cartapacios do traballo artístico do alumnado de Pedra Natural e Artísticas para a súa promoción na rede, redactados en lingua galega.

Para o segundo trimestre, están planificadas dúas actividades estratéxicas:

- A realización de enquisas do uso da lingua entre toda a comunidade educativa co CIFP de Cantería de Galicia.

- A redacción da proposta de actividades para a súa presentación á convocatoria anual da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o uso do galego en centros públicos: *RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2024/25.*

5 Recursos e orzamento necesario

Recursos humanos: equipo directivo, EDLG e equipo de dinamización de idiomas estranxeiros.

Recursos materiais: Biblioteca do centro; equipos informáticos e material bibliográfico, audiovisual, etc., situado no espazo onde se reúne e traballa o EDLG; Departamento de idiomas; coordinación de programas estranxeiros; páxina web do centro, ...

O orzamento será o que se estableza no Plan anual (proxecto económico) do centro e que será aprobado no Consello Social.

6 Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación

Anualmente, se na detección de necesidades de formación se apreciara formación en lingua galega e/ou linguas estranxeiras, programaríanse as actividades necesarias, a nivel interno ou en colaboración con outras institucións (centro de formación do profesorado, escola de administración pública, ...).

7 Criterios e indicadores de calidade

Seguimento trimestral

Non se establecen criterios e/ou indicadores de calidade para o proxecto lingüístico, utilizándose os que resulten afectados do SXC que aparecen recollidos nos programas anuais que se derivan deste proxecto (Promoción da Lingua galega e Dinamización linguas estranxeiras) e/ou os que se consideren a maiores.

Nos programas anuais de promoción de lingua galega e promoción de linguas estranxeiras, estará recollida a secuenciación de actividades e a planificación do seguimento e de medición de resultados das mesmas, recolléndose nas súas memorias finais de curso, as conclusións das actividades realizadas, así como as propostas de mellora que se deriven de cara aos programas sucesivos e mesmo ás necesidades de modificacións do presente proxecto lingüístico.

Así mesmo na memoria anual de centro estarán recollidas as aportacións que se consideren sobre a promoción de linguas, derivadas da revisión anual do sistema de xestión de calidade.